



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ENTIDADE OBRADOIRO CAB SAD PARA DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "O CAMIÑO REMATA NO OBRADOIRO"

Santiago de Compostela, 22 marzo de 2016

REUNIDOS

De unha parte, D^a María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

De outra parte, D. Raúl López López, con DNI núm. 33803327C, en calidade de presidente, en nome e representación da entidade OBRADOIRO CAB SAD con NIF núm. A70334875 e domicilio na Rúa Diego Bernal s/n Multiusos Fontes do Sar, 15702, Santiago de Compostela.

Interven en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que a entidade Obradoiro CAB, SAD, é unha sociedade anónima deportiva propietaria dun equipo de baloncesto que participa na liga profesional española da Asociación de Clubes de Baloncesto (ACB), que conta cun recoñecido prestixio e historia dentro do baloncesto profesional español.

Obradoiro CAB, SAD ten entre os seus obxectos a promoción e difusión da práctica deportiva, especialmente entre os máis xóvenes e debido a súa participación na Liga ACB a incidencia e repercusión mediática é notoria tanto a nivel local e provincial como rexional e nacional.



II. Que a Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

III. Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

IV. Obradoiro CAB, SAD é a única entidade que pode desenvolver este proxecto vinculado á promoción conxunta do Camiño de Santiago e a dita entidade.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración técnica e económica entre a Axencia Turismo de Galicia e a entidade Obradoiro CAB, SAD para o desenvolvemento do proxecto “ O camiño remata no Obradoiro” .

O obxectivo principal desta actuación é dar a coñecer o Camiño de Santiago e os seus valores cun proxecto que engloba unha serie de actividades que vai protagonizar este ano o deportista de elite Juan Antonio Corbalán, ex-xogador do baloncesto nacional, quen virá, acompañado de diferentes personalidades e afeccionados, a facer o Camiño Primitivo, declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 2015, coa meta de difundilo e reforzar esta declaración no mundo xacobeo no mercado español. Lugo será o punto de inicio do proxecto, rematando na Praza do Obradoiro, onde se realizará un gran acto solidario.

Entre outras accións ademais da realización do documental “O Camiño remata en Obradoiro”, terá lugar unha presentación do mesmo que se realizará a través dunha rolda de



prensa na que se amosará por vez primeira en público o sitio web do proxecto 2016, ademais publicitaranse as actuacións en autobuses das cidades de Madrid e Barcelona e terá lugar un partido adicado á promoción do Camiño na cidade de Santiago de Compostela.

As actuacións obxecto deste convenio desenvolveranse durante a primaveira do ano 2016.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a realización das actuacións previstas neste convenio ascende a 100.300 € (IVE excluído), de acordo co seguinte detalle:

Concepto	Presupuesto
Producción Audiovisual	2.000,00
Alquileres Audiovisuais	5.000,00
Embaixadores Camiño (deportistas de élite e personaxes relevantes na vida pública que apoian a difusión e promoción do Camiño, coa cesión da súa Imaxe e grabación dun video)	11.400,00
Publicidade Autobuses	30.000,00
Entradas + Abonos	3.200,00
Aloxamento e manutención (equipo)	6.000,00
Merchandising	6.000,00
Copa do Rey	12.000,00
Preparador físico	3.300,00
Invitados (deportistas e outras personalidades coñecidas que acompañarán cada día ao invitado na realización do Camiño + Intermediación (participación de Corbalán no proxecto e dereitos de Imaxe: 5.000 €)	14.000,00
Seguridade Partido dedicado	1.400,00
Audiovisual Partido	5.000,00
Auxiliares partido dedicado	1.000,00
TOTAL	100.300,00



Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de oitenta mil (80.000 €), e a cantidade restante para completar o orzamento lle corresponde achegala a Obradoiro CAB SAD. A aportación que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos de promoción do evento, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que Obradoiro CAB SAD obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0 "Promoción e difusión do turismo" dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2016, a favor de Obradoiro CAB SAD unha vez que esta entidade achegue as correspondentes facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pago así como unha memoria explicativa da actividade realizada que acredite o cumprimento do obxecto do convenio e as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado nesta cláusula, cando obedezan a razóns xustificadas e respectando, en todo caso, o importe total orzamentado estimado.

Terceira. Compromisos das partes

Obradoiro CAB SAD queda obrigada á celebración das referidas actuacións, e a realizar tódalas actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente.

Comprometéndose a:

- Entregar á Axencia Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizadas.
- Executar o orzamento achegado pola Axencia Turismo de Galicia por importe de 100.300 €.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír. Así mesmo, constará esta cooperación



en todas as actuacións que se desenvolvan no marco do convenio, entre outras, no documental que se realice, así como nas vestimentas das personalidades que realicen o camiño e de Juan Antonio Corbalán.

- Promocionar a “Marca Galicia” nas actuacións obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turgalicia.es/marca01s os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso.

Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.

Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia

Cuarta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuación previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Quinta.- Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio.



A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta.- Réxime xurídico

O convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), que os exclúe expresamente no apartado d) do párrafo primeiro do artigo 4.

O presente convenio rexerase polo previsto no seu clausulado, pola súa normativa específica, e supletoriamente pola Lei 9/2007 de 13 de xuño, séndolle de aplicación os principios do TRLCSP para resolver dúbidas e lagoas que se poidesen presentar. Así mesmo, rexerase pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, pola demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Axencia Turismo de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente convenio, e non solventadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Sétima.- Xustificación e pagamento

1.- A achega da Axencia Turismo de Galicia de 80.000-€, será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas para o que se deberá presentar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pagamento polo importe total de 100.300 €



- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2.- O prazo para xustificar por parte de Obradoiro CAB SAD é o 31 de xullo de 2016.

3.- A contribución económica da Axencia de Turismo de Galicia minorarase de forma proporcional no caso de que Obradoiro CAB SAD non xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración

Oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.

Novena.- Publicidade do convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de xullo de 2016.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.



XUNTA
DE GALICIA

Estrada Santiago-Noia, Km. 3 (A Barcia)
15897-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 542 500

galicia

Pola Axencia de Turismo de Galicia

A directora de Turismo de Galicia

Mª Nava Castro Domínguez

Por Obradoiro CAB, SAD

O presidente

Raúl López López